

O MUNDO DOS XORDOS

Desde hai 2 cursos, empezaron a vir ao noso centro, persoas que se comunicaban con xestos e, ao seu lado estaban persoas (dúas) que interpretaban os seus xestos.

Isto foi o comezo na participación do C.E.I.P. PRINCESA DE ESPAÑA na «ASOCIACIÓN DE XORDOS DE GALICIA» (FAXPG)

No noso Centro, hai 2 alumnas/os xordas/os, que son contemplados/as no «SAPS» (Servizo de Atención a Persoas Sordas).

Entre as distintas sesións que nos ofreceu este colectivo, imos contar a última. ¡Claro, que algo se nos quedará no tinteiro! pois, foi moi interesante, instructiva, solidaria, etc.



A min gústome moito a intérprete e o rapaz sordomudo, que nos dixo como os mudos se levantaban pola mañá, ou cando alguén peta na porta e eles non o saben; entón teñen unha luz que parpadea. Tamén vimos dúas películas, "O soño de Pedro" e o "Cuíño Invisible" ou algo así e que non me acordo moito.



AVTORA: Lucía de Sousa
Fernández 6ºB

O SONO DE PEDRO

Pedro é un neno surdo, hoxe era o seu primer día de colexio. Cando estaba na clase soñou que estaba nun mundo onde non había Barreiras de Comunicación de repente Repa (unha amiga de Pedro) chamouno porque había un xigante das Barreiras de Comunicación que estaba pondo muros de ladrillos para que a xente non se comuniquen.

Pedro díxolle a Repa que ela chamara aos seus amigos e el entreten ao xigante, entre todos poderon derrotar ao xigante. Ao despertar había un profesor que traducía o que dicía a profesora ao idioma de signos, había subtítulos nas películas, luces para saber que toca o timbre, etc...



AUTORA: María Gallego 6º B

UN CULETE INDEPENDENTE

Había un negriño chamado Martiño e era moi triste. Moitas veces, desobediáballe a casa a nai. Cada vez que o neno facía unha traxada a nai preguntáballe o cu. Un día o cu marchou porque a nai de Martiño zoscaballe case sempre. Ao día seguinte para almorzar gustáballe sentarse na silla, pero como non tiña cu non podía sentarse, nin columpiarse que era o que máis lle gustaba. Ao día seguinte pediulle ao cu que regresase, que se ía comportar ben. A nai de Martiño viu que se estaba a comportar ben, e de premio levouno o 200.



AUTOR: Pablo Nández Fernández

« UN CULETE INDEPENDENTE »

∴ Martiño era un rapaz moi traste que lle facía a súa nai moitas travesuras.

Unha vez o seu cu empezou a falar e díxolle:

- ¡Por favor, pórtate ben para que non me peguen máis; estou moi vermello. Ou senon márchome.

E Martiño respondoulle:

- Fai o que queiras non me importa ¡Vale!


Martiño fixo outra travesura ca súa nai pegoulle no cu.

E o seu cu marchouse. Martiño dixo: - A min dame igual

Ao cabo dun rato Martiño ía aos colimpios e recordou que non tiña cu e non se pudo sentar. Pasados dous

meses, Martiño suplicoulle ao seu cu que volvea e este díxolle: Non agora non quero.

Martiño foi a dormir e, cando espertou, volvíaa ter o seu cu. Desde este momento Martiño volveu a ser un neno moi obediente.



AUTOR: Brais de
Sousa Gómez.